



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE ONCE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E TRES

(ACTA NÚMERO 29)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto

D^a. M^a del Pilar García Porto

D. Miguel Fernández Méndez

D. Xosé María Arias Fernández

D. Iván Castro Díaz

D. Daniel García Fernández

Secretario:

D. Alejandro Maseda Mallo

Interventor:

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **once de agosto de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Ante a ausencia do Secretario Xeral, actúa de Secretario substituto o Secretario-Interventor D. Alejandro Maseda Mallo, e asiste como Interventor don Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto.

Non asisten a señora deputada dona Mayra García Bermúdez e o señor deputado don Pablo Rivera Capón.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATRO DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catro de agosto de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A REDACCIÓN E ELABORACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR PERI 5.5 DA UNIDADE DE INTERVENCIÓN UI-9 (S. FRANCISCO-MUSEO PROVINCIAL).

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 20 de xullo de 2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

- 1.- Orden de inicio de expediente e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV70XX7LBYESJ7FMAJNF6QBEIQ y IV70QELDZYM7JRF32L4GP52CAQ respectivamente.
- 2.- Prego de prescricións técnicas, asinado pola Tca. Sup. Edificacións e Obras da Unidade de Proxectos, con CSV: IV70QEL2JNEIVFO24ZPG6PZPMQ.
- 3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV70TSB6MEV7ZOOIYVPPF7YPKQ.
- 4.- Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV70SMKOJVMK5TPI2YUEKN704I.
- 5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV70SMKNB5ZZ5WXCABENAFSXY.
- 6.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV70TSAT3JEPRROJDRGTKQASOY.
- 7.- Proposta de Presidencia, con CSV: IV70TSH4JFEC37EY2R5RAQZD6I.
- 8.- Acordo de Xunta de Goberno do día 12 de maio de 2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV704W7LMENKX3F4RVGG4JCHOY.
- 9.- Anuncio de licitación e pregos, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 16 de maio de 2023.
- 10.- Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.



11.- Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 07 de xuño de 2023, con CSV: IV70YWYTBR76ZHN7QF6GCEZE6Q, na que se recolle o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público existe un único licitador presentado a este procedemento de contratación, sendo a seguinte:

LICITADORES
OFICINA DE PLANEAMIENTO, S.A.

A Mesa de contratación acorda admitir a oferta presentada, procedendo acto seguido á cualificación do sobre electrónico que contén a declaración de cumprimento de requisitos previos, co seguinte resultado: Os Anexos I presentado pola empresa axústase aos requisitos recollidos no PCAP.

A Mesa de Contratación acorda proceder á apertura en acto público do sobre electrónico relativo aos criterios de adxudicación baseados en xuízos de valor.A oferta técnica non poderá exceder do número máximo de páxinas recollido nos pregos reitores da contratación (A memoria non poderá exceder de 10 follas polas dúas caras (20 páxinas), DIN A4, letra Times New Roman 12. Non serán tidas en conta aquelas páxinas que excedan de dito número máximo).

Tendo en conta o antedito, acórdase someter a oferta técnica presentada a valoración e informe da Unidade de Proxectos.”

12.- Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 20 de xuño de 2023, con CSV: IV7023PMZJBZYSRTQRPCMYAH4, na que se recolle o seguinte:

“Na acta da Mesa de contratación celebrada o pasado 7 de xuño, acordouse someter a oferta técnica presentada pola mercantil Oficina de Planeamiento, S.A. a valoración e informe da Unidade de Proxectos.

O Presidente, en acto público, da conta das conclusións do informe con CSV:, IV70YO3PNPV4VD6LQF6FE5YRMA emitido pola Tca. Sup. Edificacións e Obras da Unidade de Proxectos, en relación aos criterios baseados en xuízos de valor da proposición presentadas pola única empresa presentada neste procedemento, atribuíndolle a seguinte puntuación:

Empresa	Características do ámbito	Problemática que xera a actuación	Orientación Xeral en resposta á problemática identificada	Total
Oficina de Planeamiento S.A	10,00	10,00	14,00	34,00 puntos

A Mesa acorda asumir como propio o informe emitido e proceder á apertura do sobre electrónico relativo aos criterios cuantificables mediante cifras, porcentaxes ou valores automáticos, recollidos no PCAP, resultando que a licitadora presenta a seguinte oferta:

Oferta a cantidade de 58.000 euros, aos que haberá que engadir 12.180 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 70.180 euros para a execución do contrato nos termos previsto no PPT.

Presenta o seguinte cadro dos técnicos ofertados con titulación superior (licenciatura ou grao) que formaran parte do equipo redactor e que participaron en algún dos plans aprobados definitivamente e vixentes.

Nome apelidos	Titulación	Experiencia alegada	DNI
Alfonso Díaz Revilla(*)	Arquitecto	Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela. AD 24.03.1997. (conxunto histórico). Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería.A Coruña. AD 26.01.2015. (conxunto histórico). Plan Especial Protección e Rehabilitación Barrio da Magdalena. Ferrol.AD 27.09.2007. (conxunto histórico). Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do recinto amurallado da Cidade de Lugo e a súa Zona de Influencia. AD 03.02.1997.(conxunto histórico). Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiago de Compostela.AD 03.10.2008. (> 50.000 habitantes).	338***45-N
Ánxel Viña Carregal	Licenciado Ciencias Económicas e Empresariais	Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela. AD 24.03.1997. (conxunto histórico) Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería. A Coruña. AD 26.01.2015. (conxunto histórico). Plan Especial Protección e Rehabilitación Barrio da Magdalena. Ferrol.AD 27.09.2007. (conxunto histórico). Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do recinto amurallado da Cidade de Lugo e a súa Zona de Influencia. AD 03.02.1997.(conxunto histórico). Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiago de Compostela. AD 03.10.2008. (> 50.000 habitantes).	331***52-G
María del Mar García García	Arquitecta	Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela. AD 24.03.1997. (conxunto histórico). Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería.A Coruña. AD 26.01.2015. (conxunto histórico). Plan Especial Protección Conxunto Histórico Artístico de Muros.AD 09.05.2008. (conxunto histórico). Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiago de Compostela.AD 03.10.2008. (> 50.000 habitantes). Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ferrol. AD 28.12.2000.(> 50.000 habitantes).	327***31-A
Alberto Forján Roibal (*)	Arquitecto	Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela. AD 24.03.1997. (conxunto histórico). Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería.A Coruña. AD 26.01.2015. (conxunto histórico). Plan Especial Protección Conxunto Histórico Artístico de Muros. AD 09.05.2008. (conxunto histórico). Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiago de Compostela. AD 03.10.2008. (> 50.000 habitantes). Plan Xeral de Ordenación Municipal de Mondoñedo. AD 13.06.2016.(< 50.000 habitantes). Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo. AD 04.06.2010.(< 50.000 habitantes).	327***95-R
Álvaro López González	Arquitecto		097***30-S
Manuel-Anxo López-Felpeto Gómez (*)	Arqueólogo. Licenciado Xeografía e Historia (Prehistoria-Arqueoloxía)	Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería. A Coruña. AD 26.01.2015. (conxunto histórico). Plan Especial Protección Conxunto Histórico Artístico de Muros. AD 09.05.2008. (conxunto histórico). Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiago de Compostela AD 03.10.2008. (> 50.000 habitantes). Plan Xeral Ordenación Municipal de Mondoñedo. AD 13.06.2016. (< 50.000 habitantes). Plan Xeral Ordenación Municipal de Bueu. AD 22.09.2017.(< 50.000 habitantes).	338***95-G

(*) Medios mínimos.



Acompaña certificados emitidos polas Administracións correspondentes.

Unha vez finalizada a apertura pública da oferta presentada pola mercantil Oficina de Planeamiento, S.A. ,procédese á comprobación de se a proposta no relativo ao “criterio prezo” está incurso en valores anormais ou desproporcionados, en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, co resultado de que non está incurso, ao non superar a baixa o 25% do PBL (77.981,54 €) que é 58.486,16 euros (IVE engadido).

En relación á documentación aportada pola licitadora aos efectos de acreditar a experiencia referida ao criterio de adxudicación “cualificación do equipo redactor pola participación en plans de similar natureza”, deberá someterse a estudio da unidade de Proxectos, polo que a Mesa de Contratación acorda dar traslado da documentación amentada á unidade xestora, solicitando informe sobre cumprimento dos requisitos técnicos ofertados neste criterio e valoración do criterio, polo que informárase das puntuacións dos criterios avaliábeis automaticamente na vindeira Mesa de Contratación.”

13.- Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 29 de xuño de 2023, con CSV: IV70ESZLFBFDTH4PAQP54AYX04 , na que se recolle o seguinte:

“Na acta da Mesa de contratación celebrada o pasado 20 de xuño, acordouse someter a oferta referida ao criterio de adxudicación “cualificación do equipo redactor pola participación en plans de similar natureza”, presentada pola mercantil Oficina de Planeamiento, S. A. a informe sobre cumprimento dos requisitos técnicos ofertados neste criterio e valoración do criterio da Unidade de Proxectos.

O Presidente, en acto público, da conta das valoracións dos criterios avaliábeis automaticamente tendo en conta o informado pola Unidade de Proxectos para o criterio “cualificación do equipo redactor pola participación en plans de similar natureza”(CSV: IV702GP4LP4ILLFI2405M37G6M), sendo as puntuacións as que se indican a continuación:

Criterio prezo:

LICITADOR	OFERTA	PUNTUACIÓN
OFICINA DE PLANEAMIENTO, S.A.	58.000 euros, aos que haberá que engadir 12.180 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 70.180 euros	20 PUNTOS

Cualificación do equipo redactor pola participación en plans de similar natureza.

O informe emitido pola Unidade de Proxectos con CSV: IV702GP4LP4ILLFI2405M37G6M conclúe o seguinte:

“A xuízo da técnica que subscribe, e en base aos aspectos indicados no PCAP da licitación e á documentación achegada, a puntuación correspondente ao criterio “Cualificación do equipo redactor pola participación en plans de similar natureza” é a seguinte:

Empresa	Equipo técnico	Puntuación criterio 2 (máx 40 puntos)
Oficina de Planeamiento S.A	Alfonso Díaz Revilla Ánxel Viña Carregal Maria del Mar García García Alberto Forján Roibal Álvaro López González Manuel-Anxo López-Felpeto Gómez	40 puntos

Sendo o desglose dos 40 puntos segundo se detallada de seguido:

Nome apelidos	Titulación	Experiencia alegada	Puntos
Alfonso Díaz Revilla(*)	Arquitecto	Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela. AD 24.03.1997. (conxunto histórico).	2
		Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería. A Coruña. AD 26.01.2015. (conxunto histórico).	2
		Plan Especial Protección e Rehabilitación Barrio da Magdalena. Ferrol AD 27.09.2007. (conxunto histórico).	2
		Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do recinto amurallado da Cidade de Lugo e a súa Zona de Influencia. AD 03.02.1997.(conxunto histórico).	2
		Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiago de Compostela. AD 03.10.2008. (> 50.000 habitantes).	2
		Puntuación total Alfonso Díaz Revilla (máx 8 puntos)	8
Ánxel Viña Carregal	Licenciado Ciencias Económicas e Empresariais	Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela. AD 24.03.1997. (conxunto histórico).	2
		Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería. A Coruña. AD 26.01.2015. (conxunto histórico).	2
		Plan Especial Protección e Rehabilitación Barrio da Magdalena. Ferrol AD 27.09.2007. (conxunto histórico).	2
		Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do recinto amurallado da Cidade de Lugo e a súa Zona de Influencia. AD 03.02.1997.(conxunto histórico).	2
		Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiago de Compostela. AD 03.10.2008. (> 50.000 habitantes).	2
		Puntuación total Ánxel Viña Carregal (máx 8 puntos)	8
Maria del Mar García García	Arquitecta	Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela. AD 24.03.1997. (conxunto histórico).	2
		Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería. A Coruña. AD 26.01.2015. (conxunto histórico).	2
		Plan Especial Protección Conxunto Histórico Artístico de Muros. AD 09.05.2008. (conxunto histórico).	2
		Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiago de Compostela. AD 03.10.2008. (> 50.000 habitantes).	2
		Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ferrol AD 28.12.2000.(> 50.000 habitantes).	2
		Puntuación total María del Mar García García (máx 8 puntos)	8
Alberto Forján Roibal (*)	Arquitecto	Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela. AD 24.03.1997. (conxunto histórico).	2
		Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería. A Coruña. AD 26.01.2015. (conxunto histórico).	2
		Plan Especial Protección Conxunto Histórico Artístico de Muros. AD 09.05.2008. (conxunto histórico).	2
		Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiago de Compostela. AD 03.10.2008. (> 50.000 habitantes).	2
		Plan Xeral de Ordenación Municipal de Mondoñedo. AD 13.06.2016.(< 50.000 habitantes).	1
		Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo. AD 04.06.2010.(< 50.000 habitantes).	1
		Puntuación total Alberto Forján Roibal (máx 8 puntos)	8
Álvaro López González	Arquitecto		
Manuel-Anxo López-Felpeto Gómez (*)	Arqueólogo. Licenciado Xeografía e Historia (Prehistoria-Arqueoloxía)	Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería. A Coruña. AD 26.01.2015. (conxunto histórico).	2
		Plan Especial Protección Conxunto Histórico Artístico de Muros. AD 09.05.2008. (conxunto histórico).	2
		Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiago de Compostela AD 03.10.2008. (> 50.000 habitantes).	2
		Plan Xeral Ordenación Municipal de Mondoñedo. AD 13.06.2016. (< 50.000 habitantes).	1
		Plan Xeral Ordenación Municipal de Bueu. AD 22.09.2017.(< 50.000 habitantes).	1
		Puntuación total Manuel-Anxo López-Felpeto Gómez (máx 8 puntos)	8



Visto canto antecede, a Mesa de contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta de resolución:

1º.- Outorgar ao licitador admitido a seguinte puntuación e clasificalo atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Licitador	Oferta técnica	Criterio prezo	Equipo redactor pola participación en plans de similar natureza.	Puntuación total
Oficina de Planeamiento S.A	34,00 puntos	20 puntos	40 puntos	94 puntos

2º.- Requerir a Oficina de Planeamiento S.A. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relaciona acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE ADXUDICACIÓN SEN IVE	IMPORTE GARANTÍA
58.000€	2.900 €

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

14.- Resolución da Presidencia do día 04 de xullo de 2023, con CSV: IV70ED3TJMXTX5NN3VUVGTRHKE, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación, se clasifica aos licitadores, e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP ao mellor clasificado.

15.- Requerimento de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 5 de xullo de 2023.

16.- Documentación administrativa presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o 14 de xullo de 2023, completada por sede electrónica da Deputación dentro do prazo (2023/PES_03/015809).

Reunida a Mesa de contratación o día de hoxe, 20 de xullo de 2023, co obxecto de examinar a documentación relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP e no artigo 150 da LCSP, compróbase a documentación solicitada.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, polo órgano de contratación, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Oficina de Planeamiento S.A, a contratación da Redacción e elaboración do Plan especial de reforma interior PERI 5.5 da unidade de intervención UI-9 (S. Francisco-Museo Provincial).de 2023/con_02/000030, polo importe de 58.000,00€, ao que se aplicará un IVE do 21%, 12.180,00 €, o que fai un total de 70.180,00 €.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Oficina de Planeamiento S.A, a contratación da redacción e elaboración do Plan especial de reforma interior PERI 5.5 da unidade de intervención UI-9 (S. Francisco-Museo Provincial). Expediente 2023/CON_02/000030, polo importe de 58.000,00€, ao que se aplicará un IVE do 21%, 12.180,00 €, o que fai un total de 70.180,00 €,., sendo o indicado a continuación o reparto por anualidades:

ANUALIDADES	APLICACIÓN	IMPORTE
2023	1510.227706	14.036,00 euros
2024	1510.227706	35.090,00 euros
2025	1510.227706	14.036,00 euros
2026	1510.227706	7.018,00 euros
TOTAL		70.180,00 €



Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2023, pola cantidade de 14.036,00 €, para a anualidade 2023.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2024, 2025 e 2026 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.

2º.- A duración máxima de execución do contrato será de catro anos a contar a partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato ou data que figure na mesma, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

Durante a vixencia do contrato, o adxudicatario estará obrigado a realizar as operacións derivadas do cumprimento do mesmo axustándose aos prazos indicados no Apartado 9 do Prego de prescricións técnicas (PPT).

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DAS PRESTACIÓNS DETERMINADAS NO LOTE 1 DO CONTRATO DE SERVIZO DE DESBROCE DE MALEZA EN ESTRADAS PROVINCIAIS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento no que se recolle o seguinte:

“Antecedentes.

- 1.- Acordo de Xunta de Goberno de data 28 de maio de 2021, con CSV: IV7EQUI3ZAJ5ZGHDSEAUETXFGE, polo que se adxudica o lote 1 do contrato de servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais a favor da empresa Gesproeume S.L.
2. Formalización do contrato, datada o día 23 de xuño de 2023 (CSV: IV7E4C263H5ZT3RDSYUM6FTOAE).
- 3.- Resolución da Presidencia do día 13 de xaneiro de 2023, pola que se aproba a prórroga contractual (CSV: IV7BSKBYN4007JO64MQSENSTGE).
- 4.- Escrito presentado o día 01 de xullo de 2023 (RXE nº 2023RT011572) por Dna. María de la Luz Muñoz González, en representación de Gesproeume S.L. en calidade de cedente, e Dona Rocío Campos Adrio en representación da mercantil AGROFORESTAL CARBALLÉS S.L. (en calidade de cesionaria), no que se interesa a cesión do contrato a favor de Agroforestal Carballés S.L.
- 5.- Informe do Responsable do contrato do 29 de xuño de 2023 (CSV: IV703XH4BZW2TKF6A5FRE5C7DY).
- 6.- Informe do Responsable do contrato, do 11 de xullo de 2023 (CSV: IV7OGTRTJP626XZY6VPUG47WIE)

Lexislación aplicable.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico-administrativas.

Primeira.- A cesión dos contratos réxese polo disposto no artigo 214 da LCSP:



“1. Al margen de los supuestos de sucesión del contratista del artículo 98 y sin perjuicio de la subrogación que pudiera producirse a favor del acreedor hipotecario conforme al artículo 274.2 o del adjudicatario en el procedimiento de ejecución hipotecaria en virtud del artículo 275, la modificación subjetiva de los contratos solamente será posible por cesión contractual, cuando obedezca a una opción inequívoca de los pliegos, dentro de los límites establecidos en el párrafo siguiente.

A tales efectos, los pliegos establecerán necesariamente que los derechos y obligaciones dimanantes del contrato podrán ser cedidos por el contratista a un tercero siempre que las cualidades técnicas o personales del cedente no hayan sido razón determinante de la adjudicación del contrato, y de la cesión no resulte una restricción efectiva de la competencia en el mercado. Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 2, letra b), no podrá autorizarse la cesión a un tercero cuando esta suponga una alteración sustancial de las características del contratista si estas constituyen un elemento esencial del contrato.

Cuando los pliegos prevean que los licitadores que resulten adjudicatarios constituyan una sociedad específicamente para la ejecución del contrato, establecerán la posibilidad de cesión de las participaciones de esa sociedad; así como el supuesto en que, por implicar un cambio de control sobre el contratista, esa cesión de participaciones deba ser equiparada a una cesión contractual a los efectos de su autorización de acuerdo con lo previsto en el presente artículo.

Los pliegos podrán prever mecanismos de control de la cesión de participaciones que no impliquen un cambio de control en supuestos que estén suficientemente justificados.

2. Para que los contratistas puedan ceder sus derechos y obligaciones a terceros, los pliegos deberán contemplar, como mínimo, la exigencia de los siguientes requisitos:

a) Que el órgano de contratación autorice, de forma previa y expresa, la cesión. Dicha autorización se otorgará siempre que se den los requisitos previstos en las letras siguientes. El plazo para la notificación de la resolución sobre la solicitud de autorización será de dos meses, transcurrido el cual deberá entenderse otorgada por silencio administrativo.

b) Que el cedente tenga ejecutado al menos un 20 por 100 del importe del contrato o, cuando se trate de un contrato de concesión de obras o concesión de servicios, que haya efectuado su explotación durante al menos una quinta parte del plazo de duración del contrato. No será de aplicación este requisito si la cesión se produce encontrándose el contratista en concurso aunque se haya abierto la fase de liquidación, o ha puesto en conocimiento del juzgado competente para la declaración del concurso que ha iniciado negociaciones para alcanzar un acuerdo de refinanciación, o para obtener adhesiones a una propuesta anticipada de convenio, en los términos previstos en la legislación concursal.

No obstante lo anterior, el acreedor pignoraticio o el acreedor hipotecario podrá solicitar la cesión en aquellos supuestos en que los contratos de concesión de obras y de concesión de servicios los pliegos prevean, mediante cláusulas claras e

inequívocas, la posibilidad de subrogación de un tercero en todos los derechos y obligaciones del concesionario en caso de concurrencia de algún indicio claro y predeterminado de la inviabilidad, presente o futura, de la concesión, con la finalidad de evitar su resolución anticipada.

c) Que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar.

d) Que la cesión se formalice, entre el adjudicatario y el cesionario, en escritura pública.

3. El cesionario quedará subrogado en todos los derechos y obligaciones que corresponderían al cedente.”

Segunda.- No presente expediente, a cesión obedece a unha solicitude do contratista, dentro dunha opción inequívoca dos pregos. A cláusula 30.1 do PCAP dispón o seguinte:

“Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo contratista a un terceiro, sempre que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato e da cesión non resulte unha restricción efectiva da competencia no mercado, de conformidade co artigo 214 da LCSP, cos seguintes requisitos:

a) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión. Dita autorización outorgarase sempre que se dean os requisitos previstos nas letras seguintes. O prazo para a notificación da resolución sobre a solicitude de autorización será de dous meses, transcorrido o cal deberá entenderse outorgada por silencio administrativo.

b) Que o cedente teña executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato ou, cando se trate dun contrato de concesión de obras ou concesión de servizos, que efectuase a súa explotación durante polo menos unha quinta parte do prazo de duración do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce estando o contratista en concurso, aínda que se abra a fase de liquidación, ou puxo en coñecemento do xulgado competente para a declaración do concurso que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento, ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos na lexislación concursal...”

Terceira.- Na presente contratación, as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foron razón determinante da adxudicación do contrato, posto que se adxudicou o servizo de referencia en base aos criterios de adxudicación contidos no apartado “R” do cadro resumo do prego de cláusulas administrativas, é dicir: Criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas (prezo e



adscripción ao contrato de persoas maiores de 50 anos), circunstancias éstas que non se ven afectadas de ser efectivamente realizada a cesión que solicita a adxudicataria.

Cuarta.- Da cesión non resulta ningunha restrición da competencia no mercado. A licitación tramitouse por un procedemento ordinario aberto, suxeito a regulación harmonizada, con división en lotes, cunha duración inferior á máxima permitida pola LCSP. As condicións da adxudicación mantéñense para o cesionario.

Quinta.- O cedente ten executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato, segundo se recolle no Informe emitido polo Responsable do Contrato, con CSV: IV7OEDTOJPUIZWRZYAU47YAON4, no que se recolle que:

“Este Responsable do Contrato logo de levar a cabo as comprobacións oportunas tendentes a determinar si o adxudicatario cumpre as condicións de execución do 20% do contrato, pon de manifesto que a mercantil Gesproeume S.L., a data 3 de Xullo do 2023, leva executado de acordo os criterios fixados nos pregos que rexen o contrato 475,92 km.da prestación, o que supera o 20% do esixible para poder levar a cabo a cesión”.

Sexta.- No tocante ao cumprimento do preceptuado na letra c do artigo 214.2 da LCSP, recóllese no Informe do Responsable do Contrato que:

“Que a mercantil Agroforestal Carballés Campos S.L., levou a cabo as prestacións do contrato de referencia no ano 2022, en calidade de mercantil subcontratista, para os lotes nº2, adxudicado a mercantil Galaica Parques y Jardines, S.L., e lote nº3, adxudicado a mercantil Jardincelas, S.L. Os importe económicos foron: Anualidade 2022. Lote nº2. Concellos de Burela, Cervo, Foz, O Valadouro e Alfoz 53.580,90 euros. Lote nº3. Concellos de Concellos de Muras, Xermade e Vilalba 59.460,97 euros”.

Sétima.- A cesión do contrato vense configurando como un caso de novación modificativa subxectiva do contrato (artigo 1205 do Código civil), que ocorre pola subrogación dun terceiro na posición xurídica do contratista; este dende o momento de formalización en escritura pública da cesión, queda desligado do vínculo contractual coa administración, resultando substituído polo cesionario.

Esta cesión é un instrumento técnico que permite a circulación do contrato administrativo no tráfico xurídico.

A cesión do contrato subroga ao cesionario nos dereitos e obrigas, pendentes de devengo, do contratista cedente. A cesión non extingue o contrato, senón que solo modifica un dos suxeitos da relación.

O acordo de cesión é un negocio xurídico bilateral no que son parte o contratista e o terceiro (cesionario), sendo allea a administración, se ben debe autorizala.

No caso analizado o contrato é susceptible de cesión; a cesión non supón unha alteración substancial das características do contratista (o cesionario acredita

aptitude e solvencia/ clasificación); non se aprecia unha eventual restrición efectiva para o mercado.

O cedente executou máis do 20% do importe do contrato.

A cesión deberá formalizarse en escritura pública, entre o adxudicatario e o cesionario, toda vez que o pacto de cesión non é un contrato administrativo senón un negocio xurídico-privado.

Se non se outorga escritura pública non se entenderá producida a cesión do contrato, de modo que a administración contratante non terá ao cesionario como parte do contrato. O outorgamento desta escritura debe ir precedida da autorización da administración contratante.

Finalmente e en canto aos efectos, precísase:

a) Unha vez outorgada a escritura pública, previa autorización desta administración, o cesionario queda subrogado en todos os dereitos e deberes que corresponderían ao cedente. Cedente e cesionario deben entregar copia auténtica de escritura pública.

b) Dende o momento do outorgamento desta escritura pública a cedente desvinculase da administración contratante para este contrato e substitúese polo cesionario.

c) Dende esa data- de formalización de escritura pública- debe procederse a constitución da garantía polo cesionario, polo mesmo importe que a actualmente constituída. O importe da garantía constituída ascende a 4.997,17 € (Expediente 121/PES/9476 .Nº operación 320210007980)

Oitava.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Novena.- Respecto ao órgano competente, dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Así pois a cesión do contrato enténdese axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente que pola Presidencia se proceda a súa autorización baixo as consideracións e presupostos



relacionados, debendo completarse os trámites indicados e someterse á previa fiscalización.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Autorizar a cesión das prestacións determinadas no lote 1 do contrato de servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais a favor de Agroforestal Carballés Campos S.L., con CIF: B27498948, quedando pendente de executar a anualidade 2023 por importe de 60.465,71 €

2º.-Requirir ao cesionario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación do presente acordo presente a seguinte documentación:

- a) Escritura pública de formalización da cesión entre o cedente e o cesionario.
- b) Resgardo acreditativo da garantía definitiva por importe de 4.997,17 €.

3º.-A eficacia da cesión queda condicionada ao cumprimento dos requisitos recollidos no punto 2 por parte do cedente e cesionario.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: RIBEIRA DE PIQUÍN.- Rehabilitación do firme da estrada provincial LU-P-4606 “Rioxoán (LU-750) – Chao de Pousadoiro – Asturias (L.P)”, p.k. 15+980 a 23+130 (tramos).

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 04/08/2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

Antecedentes.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV70TQL6JQOI7SP35RYDJYYDDY¹.

¹ Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas con CSV: IV70SK3ZPMNTT2HOY4VH74LBGQ.

3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV704WYOJNGO6TNJAUETB3QROI.

4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7042TPEE06ZSJQZHSGRTED4.

5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7042T3HIX53C6NABAV4NR6GQ.

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7043DCKDUTXGUPWMG4AJQT6Q.

7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 19/05/2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV704AHMZ77SR6E75T5DGQDU4Q.

8. Publicación, o día 19/05/2023, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 16/06/2023, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV70ZWH7HMH550GPCFPMEZPF54, dando conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente e admisión das mesmas á licitación da obra indicada.

Unha vez abertos os arquivos relativos a “oferta técnica” remitiuse ao Servizo de Vías e Obras para que foran revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no PCAP.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV70ESXTFFWDZDH76IY46LQRMI, reunida en acto público con data 29/06/2023, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

EMPRESA	PUNTOS
DESARROLLOS Y METAS SL	10,00

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

REHABILITACIÓN DO FIRME DA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-4606 "RIOXOAN (LU-750) – CHAO DE POUADOIRO – ASTURIAS (L.P)", P.K. 15+980 A 23+130 (TRAMOS), ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)						
		121.755,35			IVE. PARTIDA INDEPEND	
VALOR ESTIMADO		100.624,26	21.131,09			
CLASIFICACION EXIGIDA: PRAZO DE EXECUCION:		3	MESES	MAX 2.012,49 €		
EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	OBJETIVOS (80)			CRITERIO DESEMPATE	
		PREZO (IVE incluído.- art 102) (60)	MELLORAS (superficie fresar e repoñer) (10)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA 2 ANOS (5)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)	Plantel / Discapacitados
1	DESARROLLOS Y METAS SL.	119.344,60 €	0	NO	200,00	36/1



Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	OBJECTIVOS (80)								XUIZO DE VALOR - SUBJECTIVOS (20)	TOTAL	
	PREZO (60)		MELLORAS (10)		AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 2 ANOS (5)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)		MEMORIA TÉCNICA (20)		
	OFERTA (INCLUIDO IVA)	PTOS	SUPERFICIE FRESAR E REMPOÑER M2 (MAX 4,000)		SI /NO		MAXIMO 2% V.E.	2.012,49 €	SEGUNDO INFORME TÉCNICO		
			UNIDADES	PTOS	SI/NO	PTOS	IMPORTE	PTOS	PTOS		
1	DESARROLLOS Y METAS SL	119.344,60 €	60,00	0,00	0,00	NO	0,00	200,00	5,00	10,00	75,00

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA	BAIXA
		Oferta	
1	DESARROLLOS Y METAS SL	119.344,60 €	91.316,52

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	TOTAL	
1	DESARROLLOS Y METAS SL	75,00

b) Requiritir á mercantil Desarrollos y Metas SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e qu e se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 4.931,60 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no

prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

12. Por resolución da Presidencia de data 04/07/2023, con CSV: IV7OED3TBDUKVFBSVT4V6RAEAM, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Desenvollos y Metas SL, para que dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 10/07/2023, rematando o prazo de presentación o día 24/07/2023. A mercantil Desenvollos y Metas SL, presentou a documentación requirida o 21/07/2023 a través da plataforma de contratos do sector público e aclaración posterior.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 04/08/2023, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Desenvollos y Metas SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Desenvollos y Metas SL con C.I.F. B-70427505 representada por D. Ignacio Martínez Pérez con DNI ***7985**, a contratación da obra denominada RIBEIRA DE PIQUÍN.- Rehabilitación do firme da estrada provincial LU-P-4606 "Rioxoan (LU-750) – Chao de Pousadoiro – Asturias (L.P)", P.K. 15+980 a 23+130 (tramos). (2023/CON_02/000041), nos termos seguintes:

- a. Prezo de 119.344,60 €, dos cales 20.712,70€ corresponden ao IVE (21%).
- b. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 200,00€ mais IVE.
- c. Prazo de execución de 27 días, tendo en conta a oferta técnica presentada pola adxudicataria.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da



LCSP, e polo tanto terán esta condición o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución, de ser o caso; a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Desarrollos y Metas SL con C.I.F. B-70427505 representada por D. Ignacio Martínez Pérez con DNI ***7985**, a contratación da obra denominada RIBEIRA DE PIQUÍN.- Rehabilitación do firme da estrada provincial LU-P-4606 “Rioxan (LU-750) – Chao de Pousadoiro – Asturias (L.P)”, P.K. 15+980 A 23+130 (tramos). (2023/CON_02/000041), nos termos seguintes:

- a. Prezo de 119.344,60 €, dos cales 20.712,70€ corresponden ao IVE (21%).
- b. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 200,00€ mais IVE.
- c. Prazo de execución de 27 días, tendo en conta a oferta técnica presentada pola adxudicataria.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución, de ser o caso; a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON DIVERSAS OBRAS POR EMERXENCIA.

Proposta de aprobación, se procede, en relación coa actuación por emerxencia da obra de GUNTÍN.- Restitución e sostemento da estrada LU-P-1611 no P.K. 24+200.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Polo Servizo de Vías e Obras remitiuse informe de data 04/08/2023, ao que prestou conformidade a Presidencia, en relación coa actuación de emerxencia que se sinala, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Na estrada provincial LU-P-1611, “Cinturón Comarcal”, produciuse a rotura do terraplén que sostén a plataforma, así como os elementos de drenaxe, na contorna do P.K. 24+200. Como consecuencia das fortes precipitacións ocorridas nos últimos temporais, o terreo exposto á erosión vese afectado, ao non existir elementos de drenaxe, o que conleva unha perda de parte da plataforma e pode comprometer a integridade da estrada.



De non actuar con rapidez, é probable que se produza unha nova rotura que afecte máis á calzada. Así, polo manifesto risco que supón para os usuarios da vía, e para garantir a seguridade da circulación, faise preciso acometer con carácter inmediato as actuacións precisas para restituir o sostemento da estrada nese treito, con garantía de estabilidade.

Polas circunstancias expostas, de carácter excepcional e que supoñen grave perigo, proponse tramitar o expediente de contratación por emerxencia segundo o establecido no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), executando as obras coa colaboración dun empresario particular –de conformidade co artigo 30.1 da LCSP- xa que a Deputación de Lugo non conta cos medios materiais nin persoais necesarios. O artigo 30.4 da LCSP dispón que nestes supostos, a selección do empresario colaborador non estará suxeita ao establecido no artigo 131 do devandito texto legal, non contemplándose na LCSP ningún procedemento de selección.

A falta dunha regulación para a selección do empresario colaborador nos supostos de emerxencia e, en base ao establecido no artigo 120 da LCSP onde se dispón que o órgano de contratación poderá contratar libremente o obxecto do contrato sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na propia lei, proponse encomendar a realización dos traballos á empresa Grupo Bascuas 2008, SL, xa que se considera que esa mercantil dispón de medios para acometer as obras de xeito inmediato.

O artigo 176 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante, RGLCAP) establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, entre outras, poderán realizarse conforme ás seguintes modalidades:

- a) Mediante o sistema de custo e costas.
- b) Contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.

Aos efectos de control e seguimento dos traballos executados considérase máis adecuada para a Deputación de Lugo, a segunda das modalidades, polo que se propón a súa adopción. En caso de adoptarse esta modalidade e, con suxeición ao establecido nos apartados primeiro e cuarto do artigo 178 do RGLCAP (a natureza das obras non permite a fixación previa dun prezo certo xa que dependerá da profundidade á que apareza terreo competente para cimentar), estímase o orzamento que figura como anexo 1 a este informe. Ademais, acompáñase un segundo anexo no que se detallan as condicións ás que deberá suxeitarse a execución das obras. En todo caso, unha vez rematadas as obras, deberá redactarse a documentación técnica descritiva (art. 174 do RGLCAP) que incluírá o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RGLCAP e, en base ao cal, liquidaranse as obras mediante relación valorada (art. 179 do RGLCAP)”.

Tendo en conta o anterior infórmase o seguinte:

Primeiro.- O artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP) establece que: “Cuando la administración tenga que actuar de manera inmediata a causa de acontecimientos catastróficos, de situaciones que supongan grave peligro, (...)”

a) El órgano de contratación, sin obligación de tramitar expediente administrativo podrá ordenar la ejecución de lo necesario para remediar el acontecimiento producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente su objeto, en todo o en parte, sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la presente Ley, incluso el de la existencia de crédito suficiente.”

Segundo.- Tendo en conta o dano da estrada da rede viaria Provincial, o que conlevou o “unha perda de parte da plataforma e pode comprometer a integridade da estrada”, e ponderando que os tempos necesarios para a tramitación incluso urxente dun procedemento de licitación, para responder ás incidencias, estenderíase a un prazo non inferior un mes, parece prudente que ante estes acontecementos que conlevan situacións de grave perigo para persoas e bens se poida executar as actuacións que permitan por en servizo dita estrada o mais áxil posible, evitando posibles maiores danos materiais e/ou persoais.

Debe terse en conta a estes efectos, que o propio artigo 120 da LCSP, establece incluso un prazo máximo dun mes para o inicio da prestación por vía de emerxencia.

Así mesmo, e tendo en conta a imposibilidade de facer unha valoración real do custe de realizar estas actuacións, achégase orzamento estimado elaborado polo Enxeñeiro do Servizo de Vías e Obras, D. Héctor Diéguez Aranda por importe de 69.605,80 euros, dos cales 12.080,35€ correspondería ao IVE. O orzamento leva incluído o incremento 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

Non obstante en relación co procedemento de realización de obras por razóns de emerxencia, o artigo 176 do RD 1098/2001, establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, poderán realizarse contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.

Neste caso incorporase ao expediente un orzamento estimado, asinando a súa conformidade a empresa colaboradora, así como un anexo 2 denominado condicións particulares, baixo as que se deberá executar a obra.

Terceiro.- Executadas as actuacións, por este réxime excepcional, deben cumprimentarse os trámites necesarios para a intervención e aprobación da conta xustificativa, a cuxo efecto e atendendo ao informado polo Servizo de Vías e Obras, a



estimación do custo concretarase unha vez terminadas as obras, redactándose a documentación técnica descriptiva que incluírá o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RXLCAP, e en base ao cal se liquidarán as obras mediante relación valorada.

Cuarto.- O órgano competente para resolver sobre o asunto, en función da contía, ao tratarse dunha materia de prestación de tipo contractual (prestación recíproca de orde oneroso) é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 59 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020.

Conclusión.

A vista do anterior, a xuízo do que subscribe, infórmase favorablemente que polo Órgano de Contratación, se tramite por emerxencia a execución da obra de GUNTÍN.- Restitución e sostemento da estrada LU-P-1611 no P.K. 24+200, como consecuencia da rotura do terraplen que sostén a plataforma, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras, ordeando á empresa Grupo Bascuas 2008 SL, por dispor de medios para acometer as obras de xeito inmediato, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 69.605,80€, IVE incluído, ao cal prestou a súa conformidade, e liquidándose a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP), formulándose pola Área de Xestión Territorial as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente garantir a seguridade vial no menor prazo posible.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar de emerxencia a execución da obra de GUNTÍN.- Restitución e sostemento da estrada LU-P-1611 no P.K. 24+200, como consecuencia da rotura do terraplén que sostén a plataforma, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 69.605,80 euros, IVE incluído.

2º.- De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa Grupo Bascuas 2008 SL, por dispor dos medios para acometer as obras de xeito inmediato, a

execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 69.605,80€, IVE incluído, o cal prestou a súa conformidade.

3º.- As obras liquidaranse a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

4º.- Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS EN DIVERSAS OBRAS.

Proposta en relación coa revisión excepcional de prezos obra COSPEITO.- Modificado proxecto de urbanización do parque empresarial de Feira do Monte (Cospeito). Fase I.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vistos os informes da dirección facultativa, así como o informe do Servizo de Contratación, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Primeiro.- O expediente de Contratación e demais actuacións correspondentes á licitación da obra foron desenvoltas pola Sociedade Urbanística Provincial de Lugo SA (SUPLUSA), e unha vez liquidada a mesma, por acordo do Pleno, en sesión extraordinaria de data 30/11/2020, os expedientes son continuados polos distintos Servizos da Deputación Provincial.

Segundo.- A obra foi adxudicada, logo dos correspondentes trámites de licitación, o 09/05/2019, a empresa TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL, na cantidade de 1.293.032,25 euros, (IVE incluído) e con un prazo de execución de 9 meses.

Terceiro.- O contrato relativo á obra indicada foi asinado con data 13/05/2019, polo representante de SUPLUSA e polo representante da mercantil TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL.



Cuarto.- Por acordo da Xunta de Goberno, de data 09/04/2021 autorizouse a redacción da modificación do proxecto da obra indicada, sen supor aumento económico respecto do prezo primitivo do contrato, modificado que foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 01/10/2021.

Quinto.- Con data 14/05/2021 asinouse a acta de comprobación de replanteo, e en data 28/10/2021 asinouse acta de comprobación de replanteo do modificado.

Sexto.- Con data 28/03/2022 formalizouse Acta de recepción das obras.

Lexislación aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Real Decreto-lei 3/2022, de 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspón a Directiva (UE) 2020/1057, de 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto a Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras.

Resolución de 28 de abril de 2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de 28 de abril de 2022, relativo a aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, do título II do Real decreto lei 3/2022, de 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e por lo que se traspón a Directiva (UE) 2020/1057, de 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto a Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.

Consideracións xurídicas.

Primeira.- Incoase expediente administrativo coa finalidade de tramitar procedemento para a revisión excepcional de prezos ao abeiro do artigo 9 do Real

Decreto-Lei 3/2022, de proceder, relativo á obra COSPEITO.- Modificado proxecto de urbanización do parque empresarial de Feira do Monte (Cospeito). Fase I, segundo solicitude da mercantil adxudicataria da obra en data 13/05/2022 e con RE nº 2022RT007091.

Segunda.- O artigo 6 do Título II (medidas en materias de revisión excepcional de precios nos contratos de obras do sector público) do Real Decreto-Lei, sinala os casos susceptibles de revisión excepcional de precios nos contratos de obras, indicando: “1. Excepcionalmente, en los contratos públicos de obras, ya sean administrativos o privados, adjudicados por cualquiera de las entidades que formen parte del sector público estatal que se encuentren en ejecución, licitación, adjudicación o formalización a la entrada en vigor de este real decreto-ley, o cuyo anuncio de adjudicación o formalización se publique en la plataforma de contratación del sector público en el periodo de un año desde la entrada en vigor de este real decreto-ley, se reconocerá al contratista la posibilidad de una revisión excepcional de precios siempre que concurra la circunstancia establecida en este real decreto-ley.

Igual posibilidad de revisión excepcional de precios se le reconocerá al contratista en aquellos contratos públicos de obras, ya sean administrativos o privados, adjudicados por cualquiera de las entidades que forman parte del sector público estatal, cuyo anuncio de licitación se publique en la plataforma de contratos del sector público en el plazo de un año desde la entrada en vigor de este real decreto ley y cuyo pliego de cláusulas administrativas particulares establezca una fórmula de revisión de precios, siempre que concurra la circunstancia establecida en este real decreto-ley. (...)”

Segundo os datos obrantes neste Servizo, o contrato atópase en execución na data de entrada en vigor do Real Decreto-Lei 3/2022, xa que segundo se indica na disposición final octava, entrará en vigor o mesmo día da publicación, sendo publicado no BOE número 52 de data 02/03/2022.

Terceira.- O artigo 7 indica “1. La revisión excepcional de precios se reconocerá cuando el incremento del coste de los materiales empleados para el contrato de obras haya tenido un impacto directo y relevante en la economía del contrato durante su vigencia y hasta su finalización, esto es, una vez formalizada el acta de recepción y emitida la correspondiente certificación final.

A estos efectos se considerará que existe tal impacto cuando el incremento del coste de materiales siderúrgicos, materiales bituminosos, aluminio o cobre, calculado aplicando a los importes del contrato certificados en el periodo, siempre posterior al 1 de enero de 2021, que determine el contratista en su solicitud y que no podrá ser inferior a doce ni superior a veinticuatro meses, su fórmula de revisión de precios si la tuviera, y, en su defecto, aplicando la que por la naturaleza de las obras le corresponda de entre las fijadas en el Real Decreto 1359/2011, de 7 de octubre, exceda del 5 por ciento del importe certificado del contrato en ese mismo período. El cálculo de dicho incremento se efectuará suprimiendo de la fórmula aplicable al



contrato los términos que representan los elementos de coste distintos de los antes citados, e incrementando el término fijo, que representa la fracción no revisable del precio del contrato, en el valor de los coeficientes de los términos suprimidos, de forma que la suma de todos los coeficientes mantenidos más el término fijo sea la unidad.

En caso de que el contrato tuviese una duración inferior a doce meses, el incremento del coste se calculará sobre la totalidad de los importes del contrato certificados. El periodo mínimo de duración del contrato para que pueda ser aplicable esta revisión excepcional de precios será de cuatro meses, por debajo del cual no existirá este derecho.

Por Orden del Ministerio de Hacienda y Función Pública, previo informe del Comité Superior de Precios de Contratos del Estado, se podrán establecer otros materiales cuyo incremento de coste deba tenerse también en cuenta a los efectos anteriores.

2. La cuantía de la revisión excepcional a la que se refiere este artículo no podrá ser superior al 20 por ciento del precio de adjudicación del contrato. Dicha cuantía no se tomará en consideración a los efectos del límite del 50 por ciento previsto en el artículo 205.2. de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, y en el artículo 111.2 del Real Decreto Ley 3/2020, de 4 de febrero; ni a los efectos de otros límites sobre modificaciones previstos en la normativa anterior que fuese de aplicación al contrato”.

No informe da dirección facultativa analízanse os items sinalados, e sendo o prazo de execución de 9 meses, superior polo tanto ao indicado como mínimo para existir dereito a dita revisión.

Cuarta.- En canto aos criterios de cálculo de revisión, ao que fai referencia o artigo 8 e a maneira de cálculo, aos mesmos se refire no informe da dirección facultativa.

Quinta.- O artigo 9 do Real Decreto-Lei, indica: “1. La revisión excepcional de precios se aprobará, en su caso, por el órgano de contratación previa solicitud del contratista, que deberá presentarla durante la vigencia del contrato y, en todo caso, antes de la aprobación, por el órgano de contratación de la certificación final de obras. 2. La solicitud irá acompañada de la documentación necesaria para acreditar la concurrencia de la circunstancia de excepcionalidad establecida en este real decreto-ley. El órgano de contratación deberá apreciar el cumplimiento de la mencionada circunstancia. Para ello, y siempre que sea posible, el órgano de contratación utilizará datos procedentes del Instituto Nacional de Estadística. En caso de no aportarse debidamente la citada documentación el órgano de contratación concederá un plazo improrrogable de siete días hábiles para subsanar tal defecto. En caso de que en dicho plazo no se subsanase la deficiencia, denegará la solicitud. 3. Una vez recibida la documentación, el órgano de contratación dictará una propuesta provisional indicando en ella si procede reconocer la revisión excepcional de precios y, de ser así,

la fórmula aplicable al contrato. De esta propuesta se dará traslado al contratista por un plazo de 10 días hábiles para que presente sus alegaciones.

Transcurrido el citado plazo, el órgano de contratación resolverá motivadamente lo que proceda en el plazo de un mes a contar desde la recepción de las alegaciones o desde la finalización del plazo para su presentación. La concesión de la revisión excepcional de precios no requerirá el reajuste de la garantía definitiva.

La finalización del plazo máximo para resolver sin haber tenido resolución expresa, faculta al solicitante para entender desestimada su solicitud por silencio administrativo.”

Neste sentido, constan informes da Dirección facultativa analizando a circunstancia da excepcionalidade así como a formula que procedería aplicar, así como Resolución da Presidencia de data 07/07/2023 con CSV: IV70EOXJHJWOYTMMQZIMG57DAM e notificación á mercantil da mesma, sen que conste alegacións.

Consta tamén informe proposta remitido a este Servizo, con CSV: IV7PWTINJQN43LEJABN5FYLVGE, na parte conclusiva: “Aprobar a revisión excepcional de prezos da obra “Modificado Proyecto de Urbanización del Parque Empresarial de Feira do Monte (Cospeito- Lugo) Fase I. (EXP0010B19AB SUPLUSA)” por unha contía definitiva de sesenta mil trescentos setenta e un euros con oitenta e tres céntimos (60.371,83 €), IVE engadido, sen prexuízo das cantidade que proceda incorporar á certificación final e Ordear a aplicación da contía resultante como partida adicional na certificación final da obra.”

Sexta.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Sétima.- De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011).



Conclusión.

Considerando os antecedentes, e vistas as consideracións realizadas no corpo do presente, informase de xeito favorable a formula e o procedemento de revisión, nos termos do Real Decreto-Lei 3/2022, procedendo a aprobación nos termos informados pola Dirección facultativa.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a revisión excepcional de prezos da obra “Modificado Proxecto de Urbanización del Parque Empresarial de Feira do Monte (Cospeito- Lugo) Fase I. (EXP0010B19AB SUPLUSA)” por unha contía definitiva de sesenta mil trescentos setenta e un euros con oitenta e tres céntimos (60.371,83 €), IVE engadido, sen prexuízo das cantidade que proceda incorporar á certificación final.

2º.-Ordear a aplicación da contía resultante como partida adicional na certificación final da obra.”

3º.-Comunicar o acordo da Xunta de Goberno á mercantil TA Isidro Hermanos Blanco Trigo SL.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓNS DE INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO 2022.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de A Fonsagrada, solicitando modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de A Fonsagrada no que solicita a modificaciónde proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A FONSAGRADA	73	ADECUACIÓN AVENIDA DE GALICIA, INCLUÍDO HONORARIOS	18.585,70	86.375,03	104.960,73€

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV.

5. A Alcaldía do Concello de A Fonsagrada a través de escrito de data 07/08/2023 solicita:

a) A modificación do proxecto de investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimento nº 73, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... logo de quedar deserto o procedemento de contratación dúas veces...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A FONSAGRADA	73	MODIFICADO ADECUACIÓN AVENIDA DE GALICIA, INCLUÍDO HONORARIOS	18.585,70	86.375,03	104.960,73€

6. A base 14, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao



solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello de A Fonsagrada que se sinala, e que a execución do investimento queda incluído no Plan Único 2022 segundo o proxecto achegado.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de A Fonsagrada, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto de investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A FONSGRADA	73	MODIFICADO ADECUACIÓN AVENIDA DE GALICIA, INCLUÍDO HONORARIOS	18.585,70	86.375,03	104.960,73€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2023.

Escrito do Concello de Láncara, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 131-132-133 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Láncara, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (131-132-133) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2022 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 09/01/2023.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 15, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2024, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados nos mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de dous meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2024.”



3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/03/2023, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Láncara presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
LÁNCARA	131	MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS EN BANDE	1531.76201	285,95€
	132	MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS EN HEVILAR E ASÉ (A LAMA-LÁNCARA)	1531.76201	705,48€
	133	MELLORA DE CAMIÑOS ENTRE TOUBILLE E LAMA DE SOUTO	1531.76201	200,00€

5. Por escrito con de data 01/08/2023 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
LÁNCARA	REM	MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS DE ACCESO A BALSE	1531.76201	28.124,93€	1.191,43€	29.316,36€

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan único 2023, "...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Láncara, no Plan Único 2023.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado".

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Láncara e incluír no PUC/23, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na

adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
LÁNCARA	REM	MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS DE ACCESO A BALSE	1531.76201	28.124,93€	1.191,43€	29.316,36€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta relativa á addenda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Láncara para a execución de fins comúns consistentes en: Mellora do firme e seguridade viaria na Avenida Benigno Quiroga na Pobra de San Xiao.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á addenda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Láncara, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Mellora do firme e seguridade viaria na Avenida Benigno Quiroga na Pobra de San Xiao que dispón o seguinte:

“Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 16/12/2022, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“1º.-Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Láncara coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Mellora do firme e seguridade viaria na Avenida Benigno Quiroga na Pobra de San Xiao, con un orzamento total de 186.993,30 euros.

2º.- Que se aprrobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 180.000,00€ euros, dos que 6.000,00 son con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2022 e 174.000,00€ na anualidade de 2023.



O investimento prográmase como un gasto plurianual, figurando crédito dispoñible no orzamento de 2023, inicialmente aprobado polo Pleno da Deputación en data 29.11.2022.”

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Láncara, para a mellora do firme e seguridade viaria na Avenida Benigno Quiroga na Pobra de San Xiao formalizouse o 20/12/2022.

Terceiro.- Pola Alcaldía do Concello de Láncara remitiuse escrito o 01/08/2023, con RE nº 2023RT012788 no que indica que na adxudicación do investimento se produciu unha baixa por importe de 17.523,13,€ solicitando autorización para a aplicación destes remanentes á execución doutro investimento e diminución da achega municipal.

Consideracións xurídico-administrativas.

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula primeira. Obxecto:

Para acadar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizalos seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE VIARIA NA AVENIDA BENIGNO QUIROGA NA POBRA DE SAN XIAO	Anualidade 2022:6.000,00€	Anualidade 2022: 993,30€
	Anualidade 2023: 174.000,00€	Anualidade 2023: 6.000,00€
	180.000,00€	6.993,30€
TOTAL	186.993,30 €	

Na cláusula terceira. Obrigas e compromisos das partes:

“En caso de producirse baixas na licitación ou execución:

a. Reducir a cantidade estipulada como financiamento a asumir polo Concello de Láncara ou previa solicitude do Concello, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutro investimento debendo achegarse memoria das actuacións pretendidas.

Na cláusula cuarta. Réxime económico e titularidade dos resultados:

“O Concello de Láncara financiará as actuacións descritas no importe indicado na cláusula primeira, coas salvedades establecida na cláusula terceira, así como co importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

Na cláusula sexta. Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar

as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49 da Lei 40/2015. A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”.

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Láncara, para a realización conxunta, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Mellora do firme e seguridade viaria na Avenida Benigno Quiroga na Pobra de San Xiao é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o convenio e o gasto.

Conclusións.

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que se prevé no mesmo a súa modificación, que media a vontade de ambas partes e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, informase favorablemente a modificación nos termos da addenda de modificación do convenio incorporada ao expediente, e dicir modificando dita cláusula 1 e todas cantas se vexan afectadas polos cambios dos importes e a inclusión do novo investimento, de xeito que queden incluídas no obxecto do convenio:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE VIARIA NA AVENIDA BENIGNO QUIROGA NA POBRA DE SAN XIAO	Anualidade 2022:6.000,00€ Anualidade 2023: 163.470,17€	---
MELLORA DAS CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE Á SENDA PEONIL DO FERROCARRIL	Anualidade 2023: 10.529,83€	----
SUB-TOTAL	180.000,00€	----
TOTAL	180.000,00€	

(...)”

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno:

Que se probe a addenda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Láncara coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Mellora do firme e seguridade viaria na Avenida Benigno Quiroga na Pobra de San Xiao do seguinte teor:

Addenda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación de Lugo e o Concello de láncara para a execución dos fins comúns consistentes en: Mellora do firme e seguridade viaria na Avenida Benigno Quiroga na Pobra de San Xiao.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Excm. Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sé social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e



representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

E doutra don Darío Antonio Piñeiro López, que actúa en nome e representación do concello de Láncara, con C.I.F. P-2703200-d e sé social en c/ Rosalía de Castro, 17 baixo, Pobra de San Xiao- Láncara-, de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa calidade de Alcalde.

Actuando don Alejandro Maseda Mallo, Secretario-Interventor, en substitución do Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

As partes comparecentes recoñécense a representación, poderes bastantes e a capacidade xurídica necesaria para obrigarse nos termos da presente modificación do Convenio aceptándose reciprocamente as representacións en cuxa virtude actúan, de común acordo, e a tal efecto,

Expoñen.

Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 16/12/2022, aprobación ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Láncara, coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns consistentes en: Mellora do firme e seguridade viaria na Avenida Benigno Quiroga na Pobra de San Xiao sendo asinado o convenio o 20/12/2022.

Segundo.- Pola Alcaldía do Concello de Láncara remitiuse escrito o 01/08/2023, con RE nº 2023RT012788 no que indica que na adxudicación do investimento se produciu unha baixa por importe de 17.523,13€ solicitando autorización para a aplicación destes remanentes á execución doutro investimento e diminución da achega municipal.

Terceiro.- Tal circunstancia motiva a modificación de determinadas cláusulas do convenio interadministrativo suscrito con data 11/11/2022 que é preciso operar a través dunha modificación ao mesmo, a cuxo estrito cumprimento quedarán suxeitas as partes asinantes.

Por canto antecede, as partes formalizan e subscriben a presente modificación do convenio con suxeición as seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Modifícase a cláusula primeira, relativo a obxecto do convenio de interadministrativo suscrito con data 20/12/2022 no relativo ás do Concello de Láncara, que quedará redactado co seguinte teor:

“(…)

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE VIARIA NA AVENIDA BENIGNO QUIROGA NA POBRA DE SAN XIAO	Anualidade 2022: 6.000,00€ Anualidade 2023: 163.470,17€	---
MELLORA DAS CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE Á SENDA PEONIL DO FERROCARRIL	Anualidade 2023: 10.529,83€	-----
SUB-TOTAL	180.000,00€	----
TOTAL	180.000,00€	180.000,00€

(…)”

Segunda.- Outras cláusulas.

As demais cláusulas do convenio interadministrativo suscrito con data 20/12/2022 en tanto non queden afectadas por esta modificación, permanecerán invariables. Ambas partes acordan incorporar ao convenio interadministrativo suscrito esta modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

En proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 2 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que, como secretaria dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- Proposta relativa á segunda modificación, se procede, do convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz co obxecto de colaborar nos gastos derivados do “Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz ” ano 2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“En relación ao asunto de referencia (EXP. 2023/XEN_01/002131) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe.

Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 14 de abril de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz” ano 2023., por importe total



de 123.400,00 € e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 123.400,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz” ano 2023 formalizouse o 18 de abril de 2023.

Terceiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 28 de xullo de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de modificar as cláusulas terceira e cuarta do convenio formalizado o 18 de abril de 2023.

Cuarto.- A addenda ao convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz ” ano 2023 formalizouse o 31 de xullo de 2023.

Quinto.- O alcalde do Concello de Foz remitiu, o 8 de agosto de 2023 (2023RT013099), solicitude de modificación da cláusula primeira -obxecto- motivada na variación dos prezos de mercado e dos procedementos de licitación.

Consideracións xurídico-administrativas.

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Quinta. Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”.

Na cláusula Sexta .Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar

as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a segunda addenda ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

Conclusións.

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo.

Media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común).

Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.

E que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.

Dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a segunda modificación solicitada pola representante do Concello de Foz nos termos da segunda addenda do convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a segunda modificación do convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e o concello de Foz co obxecto de colaborar nos gastos derivados do “Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz” ano 2023 no senso da segunda addenda que quedaría redactada no seguinte senso:

Segunda addenda do convenio de colaboración entre a deputación de Lugo e o Concello de Foz co obxecto de colaborar nos gastos derivados do “Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz ” ano 2023.

Reunidos.

Dunha parte don José Tomé Roca, Presidente, que actúa en nome e representación da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, 27001 Lugo, segundo o disposto no artigo 34 b) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



Doutra parte, don Francisco Cajoto Caserio, alcalde do Concello de Foz, con N.I.F P-2701900I e sede na rúa Álvaro Cunqueiro, 24 27780, Foz, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don Alejandro Maseda Mallo, Secretario-Interventor da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente segunda addenda e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 14 de abril de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz ” ano 2023., por importe total de 123.400,00 € e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 123.400,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz” ano 2023 formalizouse o 18 de abril de 2023.

Terceiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 28 de xullo de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de modificar as cláusulas terceira e cuarta do convenio formalizado o 18 de abril de 2023.

Cuarto.- A addenda ao convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz” ano 2023 formalizouse o 31 de xullo de 2023.

Quinto.- O alcalde do concello de Foz remitiu, o 8 de agosto de 2023 (2023RT013099), solicitude de modificación da cláusula primeira -obxecto- motivada na variación dos prezos de mercado e dos procedementos de licitación.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente segunda addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula primeira -obxecto- do convenio formalizado o 18 de abril de 2023 que quedará redactada no seguinte senso:

“Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación	CUSTE TOTAL
Adquisición de 4 vehículos	85.123,99 €
Adquisición de 1 Palco 7,50x5m estrutura metálica a dúas augas con altura lateral de 3 m, escenario con estrutura de aluminio e taboleiro de carrocería de 24 mm.	15.702,48 €
4 Serigrafía vehículos, incluída colocación	1.157,00 €
IVE 21%	21.416,53€
TOTAL	123.400,00 €

A unidades reflectidas no citado recadro poden variar en función dos prezos de mercado e dos procesos de licitación sen necesidade de modificación do convenio.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométese a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
123.400,00	0,00 €
TOTAL: 123.400,00 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométese a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida”

2º.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta segunda addenda de modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, suscrito con data 18 de abril de 2023 e modificado o 31 de xullo de 2023, esta segunda addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.



E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente segunda addenda de modificación do que como Secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA RELATIVA AO ALLEAMENTO, POR ADXUDICACIÓN DIRECTA, DA PARCELA NÚMERO 22 DO POLÍGONO INDUSTRIAL “OS ACIVROS”, CONCELLO DE CHANTADA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“En data de 6 de xullo de 2023, foi presentado un escrito por D. Iñaki Castiñeira Alemany, en representación da empresa Citelfo S.L, mediante o que expón que está interesado na adquisición da parcela número 22, situada no Polígono Industrial “Os Acivros” de Chantada e solicita a súa adquisición por importe de trinta mil oitenta euros (30.080,00€) máis IVE.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de xullo de 2021, acordou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “Os Acivros”, no Concello de Chantada, mediante poxa, aprobando o prego de cláusulas administrativas reitor deste procedemento, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 172, de data de 29 de xullo de 2021 e modificado mediante Decreto de Presidencia, de data de 05 de agosto de 2021, ratificado pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en data de 6 de agosto de 2021 e publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 182, de data de 10 de agosto de 2021.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 10 de setembro de 202, acordou a adxudicación da parcelas do Polígono Industrial “Os Acivros” do Concello de Chantada aos interesados que se presentaron neste procedemento, de acordo co disposto no prego reitor do procedemento.

A parcela número 22 do Polígono Industrial “Os Acivros” no Concello de Chantada ten un prezo de licitación, publicado no Boletín Oficial da Provincia referenciado, de trinta mil oitenta euros (30.080,00€) máis IVE e non foi adxudicada neste procedemento.

O prego de condicións que rexe no procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “Os Acivros”, no Concello de Chantada, recolle na súa cláusula 20:

“No caso de quedar vacante o alleamento da parcela, a Deputación poderá acordar a súa adxudicación directa ao mesmo prezo de licitación e coas mesmas condicións e obrigacións”.

Visto o informe emitido pola Sección de Patrimonio, en data de 13 de xullo de 2023, con CSV IV7OG2YSHAG2L3N73XVAAMZOKU.

Visto o informe emitido pola Intervención, en data de 4 de agosto de 2023, con CSV IV7PWTPOJWYYXFY4U7FGRZQD4.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Aprobar o alleamento, mediante adxudicación directa, da parcela número 22 do Polígono Industrial “Os Acivros”, no Concello de Chantada, a favor da empresa Citelfo S.L por importe de trinta mil oitenta euros (30.080,00€) máis IVE, de acordo co disposto no prego de cláusulas administrativas reitor deste procedemento.

2º.- Formalizar o contrato compraventa da parcela número 22 do Polígono Industrial “Os Acivros “ no Concello de Chantada, mediante o outorgamento de escritura pública de compraventa, a favor de Citelfo S.L.

3º.- Proceder a dar de baixa no Libro Inventario de Bens desta Deputación Provincial a parcela número 22 do Polígono Industrial de “Os Acivros”, no Concello de Chantada, con referencia catastral 0354816PH0105S0001XF.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA RELATIVA AO ALLEAMENTO, POR ADXUDICACIÓN DIRECTA, DA PARCELA NÚMERO 26 DO POLÍGONO INDUSTRIAL “OS ACIVROS”, CONCELLO DE CHANTADA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“En data de 31 de xullo de 2023, foi presentado un escrito por D. Miguel Jorge Goyanes, en representación da empresa Asmatec SLU mediante o que expón que está interesado na adquisición da parcela número 26, situada no Polígono Industrial “Os



Acivros” de Chantada e solicita a súa adquisición por importe de corenta mil oitocentos euros (40.800,00€), máis IVE, mediante pago ao contado e transferencia.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de xullo de 2021, acordou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “Os Acivros”, no Concello de Chantada, mediante poxa, aprobando o prego de cláusulas administrativas reitor deste procedemento, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 172, de data de 29 de xullo de 2021 e modificado mediante Decreto de Presidencia, de data de 05 de agosto de 2021, ratificado pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en data de 6 de agosto de 2021 e publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 182, de data de 10 de agosto de 2021.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 10 de setembro de 2021, acordou a adxudicación da parcelas do Polígono Industrial “Os Acivros” do Concello de Chantada aos interesados que se presentaron neste procedemento, de acordo co disposto no prego reitor do procedemento.

A parcela número 26 do Polígono Industrial “Os Acivros” no Concello de Chantada ten un prezo de licitación , publicado no Boletín Oficial da Provincia referenciado, de corenta mil oitocentos euros (40.800,00€) máis IVE e non foi adxudicada neste procedemento.

O prego de condicións que rexe no procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “Os Acivros”, no Concello de Chantada, recolle na súa cláusula 20:

“No caso de quedar vacante o alleamento da parcela, a Deputación poderá acordar a súa adxudicación directa ao mesmo prezo de licitación e coas mesmas condicións e obrigacións”.

Visto o informe emitido pola Sección de Patrimonio, en data de 2 de agosto de 2023, con CSV IV7PVXYDYFI2SHNQH WX64BC4U.

Visto o informe emitido pola Intervención, en data de 3 de agosto de 2023, con CSV IV7PWTIZPD5NRLPYCV7A6R7DIE.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Aprobar o alleamento, mediante adxudicación directa, da parcela número 26 do Polígono Industrial “Os Acivros”, no Concello de Chantada, a favor da empresa

Asmatec SLU por importe de corenta mil oitocentos euros (40.800,00€) máis IVE, mediante pago ao contado e transferencia, de acordo co disposto no prego de cláusulas administrativas reitor deste procedemento.

2º.- Formalizar o contrato compraventa da parcela número 26 do Polígono Industrial “Os Acivros “ no Concello de Chantada, mediante o outorgamento de escritura pública de compraventa, a favor de Asmatec SLU.

3º.- Proceder a dar de baixa no Libro Inventario de Bens desta Deputación Provincial a parcela número 26 do Polígono Industrial de “Os Acivros”, no Concello de Chantada, con referencia catastral 0354812PH0105S00010F.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA RELATIVA Á RESOLUCIÓN POR ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA O ALLEAMENTO DE DIVERSAS CABEZAS DE GANDO DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO MEDIANTE A CELEBRACIÓN DUNHA POXA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta a Resolución de Presidencia do 1 de xuño de 2023 de aprobación do prego de condicións que rexerán no procedemento para o alleamento de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gayoso Castro mediante a celebración dunha poxa e publicado no BOP nº 144 do 24 de xuño de 2023.

Visto que unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes de participación na convocatoria pública, celebrouse a poxa o día 4 de xullo de 2023, décimo día natural a contar dende o seguinte á dita publicación, e que do seu resultado se redacta a correspondente acta, asinada polos integrantes da Mesa de Poxa o 18.07.2023 baixo o CSV IV7OGLXM3YOYLOPCVXUB73QHN4.

Tendo en conta o informe da Secretaría Xeral e da Sección de Patrimonio do día 20.07.2023 emitido baixo o CSV IV7OHTJO2AEOKXGLXR6SLZJWOY no que se consideran axustadas ao prego reitor as conclusións da mesa de poxa para a formulación da proposta de adxudicación e no seu caso a adopción do pertinente acordo provincial pola Xunta de Goberno en virtude do artigo 59 b) 8 do Regulamento da Deputación de Lugo.



Tendo en conta que o informe da Intervención emitido o 02.08.2023 baixo o CSV: IV7PVX73FHUKKX6O6FINIPSTK4 non manifesta inconveniente á tramitación do presente procedemento de alleamento.

Tendo en conta o exposto, e en virtude do artigo 59 b) 8 do Regulamento Orgánico, propónse á Xunta de Goberno elevar a definitiva a proposta de adxudicación feita pola Mesa de Poxa coa adopción dos seguintes acordos:

1º.- Adxudicar o procedemento de alleamento de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gayoso Castro mediante a celebración dunha poxa a favor dos licitadores e ofertas seguintes:

Don Jorge Anguez Grases e por un importe de 650 € + IVE
Lote 3 de cachenas. Animais machos de raza Cachena ata 12 meses de idade. Total 650 €+ IVE.
ES001114040504 Macho Cacheno 05/09/2022 650 € + IVE

Don David Otero Fernández e por un importe de 1.300 € + IVE
Lote 1 de Cachenas. Vacas de raza Cachena con cría ao pé. Total 1.300€ + IVE
ES051113398751 Vaca Cachena 23/02/2021 + Cría ES001114187631 Macho 13/02/2023 1.300€+ IVE

Dona Silvia Regueiro Abel, e por un importe de 1.350 € + IVE.
Lote 1 de Cachenas. Vacas de raza Cachena con cría ao pé. Total 1.350€ + IVE
ES031112099193 Vaca Cachena 20/04/2018 + Cría ES061114187637 Macho 12/04/2023. 1.350 €+ IVE

Don Francisco Javier Fernández Varela e por un importe de 4.400 € + IVE
Lote 1 de Frisoas. Femias de vacún maior de raza frisoa (Vacas). Total 3.700 € + IVE.

ES031110473582-273	Vaca	Frisoa	21/03/2016	800 € + IVE
ES081112099187-339	Vaca	Frisoa	24/03/2018	800 € + IVE
ES021112748127-404	Vaca	Frisoa	22/02/2020	1.000 € + IVE
ES041112905895-414	Vaca	Frisoa	03/07/2020	1.100 € + IVE

Lote 2 de Frisoas. Vacas de desfeito de raza Frisoa. Total 700 € +IVE
ES021112366594-370 Vaca Frisoa 25/03/2019. 700 € IVE

Dona Marta Carballo Alvarez, e por un importe de 7.100 € + IVE
Lote 1 de Cachenas. Vacas de raza Cachena con cría ao pé. Total 6.400 € + IVE

ES051112905921	Vaca	Cachena	30/12/2020	+	Cría	ES021114040506	Macho	20/09/2022	1.250 €+ IVE
ES011111946862	Vaca	Cachena	12/02/2018	+	Cría	ES041114040508	Macho	21/10/2022	1.250 €+ IVE
ES031112178313	Vaca	Cachena	03/08/2018	+	Cría	ES031114187634	Macho	24/01/2023	1.400 €+ IVE
ES081112099198	Vaca	Cachena	10/04/2018	+	Cría	ES041114187635	Macho	22/01/2023	1.250 €+ IVE
ES001111946861	Vaca	Cachena	05/04/2018	+	Cría	ES081114291572	Macho	04/07/2023	1.250+IVE(*)

(*) Femia parida durante a tramitación do procedemento incorporándose ao Lote 1 de Cachenas. Vacas de raza Cachena con cría ao pé, procedente do Lote 4 de Cachenas. Vacas de raza Cachea sen cría

Lote 3 de cachenas. Animais machos de raza Cachena ata 12 meses de idade.

Total 700€ + IVE

ES031113699246 Macho Cacheno 20/06/2022 700 € + IVE

Ganados Jose 2012, SL. e por un importe de 4.300 € + IVE

Lote 1 de Frisoas. Femias de vacún maior de raza frisoa (Vacas). Total 4.300 € + IVE

ES021110473616-252	Vaca	Frisoa	11/11/2015	800 €+ IVE
ES071110473597-265	Vaca	Frisoa	05/02/2016	800 €+ IVE
ES041110473583-274	Vaca	Frisoa	21/03/2016	750 €+ IVE
ES001111946849-316	Vaca	Frisoa	25/09/2027	1.150 €+ IVE
ES001112905891-408	Vaca	Frisoa	30/03/2020	800 €+ IVE

Don Dragomil Cornel e por un importe de 1.750 € + IVE.

Lote 1 de Cachenas. Vacas de raza Cachena con cría ao pé. Total 900 € + IVE

ES091113398766 Vaca Cachena 05/07/2021 + Cría ES061114291570 Femia 25/05/2023 900 € + IVE (*)

(*) Femia parida durante a tramitación do procedemento incorporándose ao Lote 1 de Cachenas. Vacas de raza Cachena con cría ao pé, procedente do Lote 2 de Cachenas. Femias de raza Cachena ata 24 meses de idade.

Lote 2 de Cachenas. Femias de raza Cachena ata 24 meses de idade. Total 850 € + IVE

ES001113398789 Vaca Cachena 01/06/2021 850 € + IVE

2º.- Formalizar a transmisión das titularidades dos devanditos semoventes previo o seu pagamento.

3º.- Realizar as anotacións pertinentes no Libro de Inventario de Bens e Dereitos.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2023.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que con data dezasete de marzo de dous mil vinte e tres, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou aprobar as bases da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para para a concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2023.

Tendo en conta que o extracto do acordo da Xunta de Goberno celebrada con data dezasete de marzo de dous mil vinte e tres se publicou no BOP número 070 de sábado 25 de marzo de 2023.

Tendo en conta que de conformidade co punto sexto das Bases do procedemento de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo,

“...constituírase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O órgano instrutor, elevará á Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de resolución.”

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes de premios incluídas nas listaxes que se acompañan, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Avaliación coa documentación que acompañan as solicitudes para participar no procedemento.

Tendo en conta que os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica do procedemento trala aprobación polo órgano competente.

Tendo en conta que, para estes efectos, achéganse as listaxes nas que inclúen os/as solicitantes propostos, así como as solicitudes desestimadas por incumpriren os requisitos establecidos nas bases, por non acadaren a puntuación suficiente para

obter premio de acordo co número máximo de premios a conceder, e no seu caso, que foron presentadas fóra de prazo, e no seu caso que superaron a idade máxima establecida ou por desistencia, e que van rubricadas para o efecto.

Tendo en conta que, con data 27 de xullo de 2023 se constituíu a Comisión de Avaliación establecida nas Bases, que acorda formular informe de avaliación para a concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, na anualidade 2023.

A vista da avaliación e informe da Comisión de Avaliación.

Visto o informe de servizo de Deportes.

Visto o informe de Intervención.

Por todo o exposto, o Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Valoración;

1º.- Aprobar a resolución provisional de concesión de premios a deportistas individuais, anualidade 2023, de acordo aos criterios xerais para a valoración das solicitudes reflectidos na base sétima e ao previsto na base terceira respecto da contía e distribución de premios, das bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.

2º.- O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederá a publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3º.- Notificar o presente acordo provisional aos interesados/ as de acordo ao previsto na base oitava da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

Núm. Exped.	Interesado/a	DNI	Disciplina	Premio
2023/PES_03/006714	MERCEDES VILA VEIGA	***7915**	PENTATLÓN MOD.	2.500,00 €
2023/PES_03/007086	MARCO GARCÍA MARTÍNEZ	***7719**	TAEKWONDO	2.000,00 €
2023/PES_03/007205	CARLOS REY CUADRADO	***9854**	TAEKWONDO	1.500,00 €
2023/PES_03/006916	LAURA ÁLVAREZ SUÁREZ	***6371**	TAEKWONDO	1.500,00 €
2023/PES_03/006796	OSCAR ARTURO LÓPEZ SAAVEDRA	***6188**	PENTATLÓN MOD.	1.000,00 €
2023/PES_03/006093	SOFÍA MARTÍNEZ GÓMEZ	***5731**	ORIENTACIÓN	1.000,00 €
2023/PES_03/006419	CARLA CORTÓN PRADO	***8886**	PENTATLÓN MOD.	1.000,00 €
2023/PES_03/006627	ANA LOPEZ GALLEGO	***8344**	TIRO OLÍMPICO	1.000,00 €
2023/PES_03/006874	XOEL GARCÍA NEIRA	***9250**	PIRAGÜISMO	1.000,00 €
2023/PES_03/006797	HÉCTOR LÓPEZ SAAVEDRA	***9013**	PENTATLÓN MOD.	1.000,00 €



DEPUTACIÓN DE LUGO

2023/PES_03/006875	BELTRÁN SANFÍZ JANEIRO	***9225**	PENTATLÓN MOD.	1.000,00 €
2023/PES_03/006939	XELA MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ	***8607**	ATLETISMO	1.000,00 €
2023/PES_03/006273	NOA DÍAZ QUINTIÁN	***7656**	PIRAGÜISMO	1.000,00 €
2023/PES_03/006366	NEREA GUTIERREZ ONTIVEROS	***9992**	PIRAGÜISMO	1.000,00 €
2023/PES_03/006080	LIA RODRÍGUEZ SOBRADO	***0612**	ORIENTACIÓN	750,00 €
2023/PES_03/006749	IRENE GARCÍA VALLE	***5090**	REMO	750,00 €
2023/PES_03/006887	SARA INÉS VARELA CORTIÑAS	***9710**	PIRAGÜISMO	750,00 €
2023/PES_03/007005	MIREIA VÁZQUEZ LIZ	***8598**	PENTATLÓN MOD.	750,00 €
2023/PES_03/007047	ALDARA MEILÁN GARCÍA	***8451**	ATLETISMO	750,00 €
